



**PRETO DE 31.000 PERSOAS SEGUEN O I CONCURSO FOTOGRÁFICO  
“NIGRÁN, TODO O QUE BUSCAS” A TRAVÉS DAS REDES SOCIAIS**

**O álbum do certame, publicado no perfil de Facebook da Concellaría de Turismo, rexistrou un amplo volume de participación con case 15.000 interaccións**

**Javier Campos Rodríguez gañou esta edición, na que participaron 59 autores que achegaron imaxes e ‘chíos’ dos seus recunchos preferidos do municipio**

**A entrega do premio, consistente nun curso de surf ou nunha travesía de paddle surf para dous, entregárase este xoves ás 18.00 horas no auditorio municipal**

***Nigrán, 02/04/2016.-*** O Concello e Nigrán cualifica de éxito o concurso fotográfico “Nigrán todo o que buscas”, convocado para visibilizar as xoias turísticas do municipio entre veciños e foráneos, dadas as cifras rexistradas na súa primeira edición, e na que resultou gañador Javier Campos Rodríguez, de 26 anos e veciño de Baiona. No [álbum do certame](#), publicado no perfil de Facebook da Concellaría de Turismo de Nigrán, alcanzáronse 30.923 persoas e un amplo volume de interacción, con 12.994 clics nas distintas imaxes e 1.893 reaccións, comentarios e número de veces partilladas.

No concurso participaron un total de 59 persoas que, entre o 19 e o 28 de marzo, achegaron instantáneas dos seus recunchos predilectos no municipio, a través das redes sociais do Concello de Nigrán. Só no primeiro día, 4.017 persoas seguiron o concurso no perfil de [Turismo Nigrán](#), superando as 6.130 o derradeira xornada da convocatoria.

O xurado, composto por todos os membros do goberno municipal e o fotógrafo profesional Adrián Irago, determinou outorgar o premio, consistente nun curso surf ou nunha travesía de paddle surf para dúas persoas, a Javier Campos, estudante de Marketing e Dirección Comercial, “por unha instantánea cunha pincelada vintage, que recolle a beleza natural da costa de Nigrán, co



mar turquesa bañando Praia América e Monteferro presidindo a paisaxe”, segundo manifestou o xurado.

Rodríguez, que actualmente está a cursar un mestrado en Madrid, amosouse contento pola noticia. “É a primeira vez que me presento a un concurso deste tipo, pero o mércores de Semana Santa baixei a dar un paseo por Praia América e fixen a fotografía porque había unha luz increíble; vin que había o certame e decidín enviala”, declara. O estudante acompañou a imaxe co seguinte chío: “O paraíso ten nome, Nigrán. Invítame a lembrar veráns pasados e o orgulloso que estou de vivir no Val Miñor”.

Segundo os integrantes do xurado, a decisión non foi sinxela, xa que “había moitas fotografías dignas de gañar”. É por isto, que o Concello de Nigrán decidiu organizar unha exposición con todas as imaxes que se poderá ver no auditorio municipal nos vindeiros meses, así como a realización de distinto material destinado á promoción turística da localidade, como postais, carteis ou un calendario de 2017 con doce das instantáneas achegadas.

Os nomes dos autores para o almanaque revelaranse este xoves 7 de abril na entrega do premio a Javier Campos, que terá lugar no auditorio municipal a partir das 18.00 horas e ao que están convidadas todas as persoas participantes, así como toda a veciñanza que se queira achegar.